

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/31	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	07 de agosto de 2026
Duración	Dende as 13:33 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 31.07.2026**

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 31 de xullo de 2026.

Expediente 1251/2026. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 6 de agosto, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custes derivados do traslado a Pontevedra para a valoración por parte do EVO correspondente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda a Dna. Fatima Lareo Iglesias, consistente no pagamento dunha factura por traslado.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a SANTIAGO LOPEZ FERNANDEZ, correspondendo coa factura número INV000052 por un importe de 143,00 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida

Expediente 1264/2026. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 6 de agosto, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo da adquisición de enseres farmacéuticos.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder a T.S.W. unha axuda de emerxencia social consistente no pagamento dunha factura de produtos de farmacéuticos.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a José Otero Silva , correspondendo coa factura número P000019/2026 por un importe de 59,00 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1262/2026. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 6 de agosto, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e precisa trasladarse a dependencias autonómicas para xestións administrativas de suma importancia.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Santiago en taxi, a dona Á.C.F.C..

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Santiago López Fernández e que se corresponde coa factura número INV-000053 por importe de 180,00 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Silleda

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE